



## NORMATIVA Nº 5

### SUBVENCIONES DA FGTA A DEPORTISTAS PARA A ASISTENCIA A CAMPIONATOS. APORTACIÓNS AOS CLUBS / DIETAS E QUILOMETRAXE

#### ÍNDICE:

- 1- INTRODUCCIÓN
- 2- SELECCIÓN GALEGA
- 3- CRITERIOS DE CONCESIÓN E CONTÍA DA SUBVENCIÓN
- 4- UNIFORMIDADE
- 5- OBRIGAS DOS SUBVENCIONADOS
- 6- DEREITOS DOS SUBVENCIONADOS
- 7- COMPETICIÓNS VALEDEIRAS
- 8- INCENTIVOS POR RESULTADOS
- 9- INCOMPATIBILIDADE DE SUBVENCIONES
- 10- MARCAS MÍNIMAS SUBVENCIONABLES PARA CAMPIONATOS DE ESPAÑA
- 11- APORTACIÓNS A CLUBS OU ENTIDADES COLABORADORAS EN CAMPIONATOS GALEGOS, TROFEOS FEDERACION E LIGAS
  - CELEBRACIÓN INDEPENDENTE
  - CELEBRACIÓN CONXUNTA
- 12- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES
- 13- DIETAS E QUILOMETRAXE
- 14- APROBACIÓN E MODIFICACIÓNS

#### 1.- INTRODUCCIÓN

A FGTA ostenta a representación de Galicia nos Campionatos de España e naqueles Torneos Internacionais onde puidese participar.

#### 2.- SELECCIÓN GALEGA

Enténdese por tal o conxunto de persoas que, nun momento dado, e en diferentes modalidades do Tiro con Arco, representan a Galicia nunha competición fóra da Comunidade Autónoma. Inclúese nesta selección ao capitán de equipo ou adestrador, designado pola FGTA para cada campionato.

Promocionarase especialmente a participación da muller e das categorías inferiores.

#### 3.- CRITERIOS DE CONCESIÓN E CONTÍA DA SUBVENCIÓN

Será condición indispensable para OPTAR á subvención a calquera campionato de



## NORMATIVA Nº 5

### SUBVENCIONES DA FGTA A DEPORTISTAS PARA A ASISTENCIA A CAMPIONATOS. APORTACIÓNS AOS CLUBS / DIETAS E QUILOMETRAXE

España individual o feito de acudir ao/s clasificatorio/s que se convocarán ao efecto, ou cumprir os requisitos esixidos, de non realizarse estes clasificatorios, tomarase a media das dúas mellores puntuacións obtidas por cada arqueiro nesa temporada e que superen a puntuación mínima aprobada pola asemblea e cumpran as condicións marcadas previamente á celebración do Campionato de España de que se trate, e que figurará/n no calendario oficial da FGTA.

No momento de publicar a convocatoria estableceranse as condicións que se deberán cumprir para optar á subvención; e terase en conta o formato do Campionato de España de que se trate.

Non obstante, acadar o referido no punto anterior non garante a subvención automaticamente; senón que se seguirá o seguinte criterio:

- arqueiro con maior calificación recibirá ata o 75% da subvención máxima.
- arqueiro con segunda mellor calificación recibirá ata o 50% da subvención máxima.
- arqueiro con terceira mellor calificación recibirá ata o 25% da subvención máxima.
- Arqueiro con cuarta mellor calificación recibirá ata o 10% da subvención máxima.

As porcentaxes referidas serán sobre a contía máxima fixada pola FGTA.

Como máximo haberá 4 arqueiros subvencionados por categoría, sempre ordenados de maior a menor media.

Nas categorías cadete e menores de 14 anos poderán acudir subvencionados 4 deportistas como máximo, percibindo o arqueiro situado en 4º lugar o mesmo importe de subvención que o terceiro.

No caso de que algún dos arqueiros con dereito a subvención non acuda ao campionato de España correspondente, o/os seguintes (sempre por orden de calificación e no caso de que superasen as condicións establecidas no clasificatorio) poderán obter a subvención no caso de que acudan ao Campionato de España de que se trate.

Por outra banda, os arqueiros que formen parte do equipo de Galicia nun Campionato de España de CCAA, participación derivada da suma das tres mellores puntuacións no round do campionato individual, ou as dúas mellores no caso dos equipos mixtos, terán dereito a que se lles aboee ata o 100% do importe fixado pola FGTA para este fin, con independencia de ter acadado ou non subvención para ese campionato pero non podendo ser acumulable entre elas.

Os arqueiros que participen en campionatos convocados pola WA e pola WAE, tales como o Campionato do Mundo, o Campionato de Europa, os Xogos do Mediterráneo e as finais das Copas do Mundo, e cuxos gastos non sexan sufragados nunha contía superior ao 50% pola RFETA, a Federación Galega subvencionará a ditos arqueiros cos importes correspondentes á



## NORMATIVA Nº 5

### SUBVENCIONS DA FGTA A DEPORTISTAS PARA A ASISTENCIA A CAMPIONATOS. APORTACIONS AOS CLUBS / DIETAS E QUILOMETRAXE

manutención e o aloxamento fóra de España, **sempre que sexa posible despois de estudar os estados contables da Fgta.**

A contía máxima será a fixada pola FGTA para cada un dos campionatos cos seguintes criterios:

Quilometraxe máximo dende a cidade de Santiago de Compostela (entendéndose a mesma como punto central da comunidade galega) ata a localización do campionato, distancia tomada co programa Google maps.

Peaxes ata un importe máximo dos da dita ruta sinalada anteriormente.

Dietas e aloxamento (1/2 dieta para os campionatos que se encontren a menos de 250 Km, 1 dieta completa se o campionato se encontra entre os 250 Km e os 500 Km, 2 dietas completas se o campionato consta de dous días e se encontra entre os 250 Km e os 500 Km, 3 dietas completas se o campionato consta de dous días e se encontra por riba dos 500 Km).

A porcentaxe final de cada subvencionado calcularase proporcionalmente do total da partida para subvencións aprobada pola asemblea nos seus presupostos e que en ningún caso poderá superar o porcentaxe sobre o total anteriormente marcado.

As puntuacións mínimas serán aprobadas pola asemblea o comezo da tempada, e serán calculadas mediante o sistema de puntuación media da proba nacional obxecto da subvención así como o trofeo federación e Campionato Galego das dúas temporadas anteriores, cun coeficiente sobre a puntuación máxima de cada campionato.

#### 4.- UNIFORMIDADE

Todo o equipamento entregado pola FGTA quedará cedido ao deportista / técnico, e será utilizado nos eventos deportivos nos que participen representando a Galicia.

No momento da entrega o deportista / técnico asinará un recibo no que se detallarán cada un dos elementos entregados.

O coidado da uniformidade será a cargo do deportista / técnico.

A uniformidade da Selección Galega só poderá exhibir os logotipos ou anagramas dos patrocinadores oficiais da selección, quedando totalmente prohibida a colocación de logotipos ou anagramas de patrocinadores privados alleos á mesma.

Durante os adestramentos libres, os deportistas poderán utilizar roupa deportiva distinta á uniformidade oficial, non así nos adestramentos oficiais ou resto das fases do campionato.

Aos deportistas entregaráselles unha nova uniformidade nos seguintes casos:

- Cambio no deseño ou na calidade dos materiais.
- Deterioro das prendas, previa xustificación do motivo. De non ser xustificado, o



## NORMATIVA Nº 5

### SUBVENCIONS DA FGTA A DEPORTISTAS PARA A ASISTENCIA A CAMPIONATOS. APORTACIÓNS AOS CLUBS / DIETAS E QUILOMETRAXE

deportista aboará o prezo do novo equipamento.

#### 5.- OBRIGAS DOS SUBVENCIONADOS

- Participar na competición para a que foi subvencionado.
- Participar no equipo, en caso de ser seleccionado polo Capitán do mesmo ou representante da FGTA na competición.
- Utilizar o equipamento facilitado pola FGTA nas competicións en que represente a Galicia a nivel individual ou por equipos.
- Someterse aos controis de dopaxe que se lle requiran a través da RFETA , AMA, AEPSAD...en competicións de calquera nivel ou entre elas.
- Estar a disposición da FGTA durante os días de celebración do campionato, para calquera acto ou reunión que convoque a mesma.
- No caso de negarse a participar na competición formando equipo, non poderá recibir subvención algunha da FGTA por ese campionato.

#### 6.- DEREITOS DOS SUBVENCIONADOS

- Percibir a subvención concedida o final da tempada deportiva previa presentación dos xustificantes de gastos no tempo e forma indicados para tal efecto.
- O equipo técnico da FGTA estará a disposición do deportista en todo o que se refira á planificación, adestramento, preparación e asistencia na competición.
- A subvención farase efectiva o final da tempada deportiva no que procede a subvención, previa presentación dos xustificantes de gasto correspondentes no tempo e forma indicados para tal efecto.
- Non poderá ser aboada unha subvención unha vez pechado o exercicio económico ao que corresponda.

#### 7.- COMPETICIÓNS VALEDEIRAS

Internacionais recoñecidas pola WA e pola WAE e comunicadas á FGTA con anterioridade, e con remisión nos 10 días posteriores a celebración da mesma dos resultados.

Nacionais organizadas pola RFETA (GPs, Campionatos de España, Ligas,...) comunicadas á FGTA con anterioridade e con remisión nos 10 días posteriores a celebración da mesma dos resultados.



## NORMATIVA Nº 5

### SUBVENCIONS DA FGTA A DEPORTISTAS PARA A ASISTENCIA A CAMPIONATOS. APORTACIÓNS AOS CLUBS / DIETAS E QUILOMETRAXE

Nacionais Postais ou probas valedoiras para o ranking RAUS, organizados pola FGTA ou por calquera outra Federación que cumpra coa normativa RFETA para a súa homologación, comunicando á FGTA (sempre cando nos este organizada por ela) con anterioridade, e con remisión nos 10 días posteriores a celebración da mesma os resultados

Todos os recoñecidos pola FGTA (convocados todos os arqueiros da FGTA en tempo e forma e cos datos en poder da FGTA nos 10 días posteriores ao remate do campionato).

Campionatos Galegos, Trofeos Federación e Ligas.

### 8.- INCENTIVOS POR RESULTADOS

1. Os arqueiros que acaden Medalla nun Campionato Internacional organizado pola WA/WAE (worldcups, mundiais, campionatos de Europa, indoor e outdoor) serán recompensados ata co 75% da subvención máxima ao seguinte Campionato de España.

2. Os arqueiros que acaden Medalla, en categoría disputada, en Campionatos de España e haxa declaración de campións/nas nesa categoría (individual ou por equipos) serán recompensados coa exención de aboar taxas durante o seguinte ano natural en campionatos organizados pola FGTA (Campionatos Galegos e Federación, Aire libre, Sala, Campo e Bosque 3D) correspondente unicamente á categoría na que obtivo a medalla).

3. Os arqueiros que acaden Medalla individual nun Campionato de España e haxa declaración de campións/nas nesa categoría, serán recompensados coa inscrición do seguinte Campionato organizado pola RFETA (sexa GP ou Campionato de España Absoluto).

### 9.- INCOMPATIBILIDADE DE SUBVENCIONS

A subvención será incompatible con calquera outra que o interesado reciba polo mesmo concepto e que supere o 100% dos gastos xustificandos.

Asemesmo o arqueiro que disfrute de subvención individual nun campionato non terá dereito a ser subvencionado por equipos nese mesmo campionato.

### 10.- MARCAS MÍNIMAS SUBVENCIONABLES PARA CAMPIONATOS DE ESPAÑA

TABLA MARCAS



## NORMATIVA Nº 5

### SUBVENCIONS DA FGTA A DEPORTISTAS PARA A ASISTENCIA A CAMPIONATOS. APORTACIÓNS AOS CLUBS / DIETAS E QUILOMETRAXE

#### 11.- APORTACIÓNS A CLUBES OU ENTIDADES COLABORADORAS EN CAMPIONATOS GALEGOS OU TROFEOS FEDERACIÓN

O importe da subvención aboarase por anticipado ao club ou organizador se o considera oportuno. As facturas xustificativas deberán presentarse entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro do ano natural en curso.

As subvencións para a organización dos Campionatos, Trofeos Federación, Ligas 3D e tiradas organizadas pola FGTA serán as seguintes:

##### CELEBRACION INDEPENDENTE

	SALA (2*18)	AIRE LIBRE (2*70)	AIRE LIBRE (Round 1440)
VETERANOS, SENIOR, XUVENIL E CADETE	900,00 €	900,00 €	1000,00 €
INFANTIL, ALEVÍN, BENXAMÍN E ESQUÍO	900,00 € (1)	900,00 € (1)	-----
TRADICIONAL E DESNUDO	900,00 €	900,00 €	
CAMPIONATO GALEGO DE CLUBS	1.700,00 €	1.700,00 €	
CAMPIONATO GALEGO DE PERCORRIDO DE BOSQUE 3D OU CAMPO			2.775,00 €
LIGA GALEGA 3D		1.800,00 € por encontro	

(1) Estas cantidades incrementaranse en 100,00 € no caso de superar os 50 participantes.

##### CELEBRACIÓN CONXUNTA

Campionato Galego de Sala Veterano, Senior, Xuvenil e Cadete, Campionato Galego de Sala Infantil, Alevín, Benxamin e Esquio e Campionato Galego de Sala Arco Tradicional e Arco Espido **2.775,00 €** (3 Campionatos).

Campionato Galego de Aire Libre Veterano, Senior, Xuvenil e Cadete, Campionato Galego de Aire Libre Infantil, Alevín, Benxamín e Esquío e Campionato Galego de Aire Libre Arco Tradicional e Arco Espido **2.775,00 €** (3 Campionatos).

Campionato Galego Aire Libre ou Sala Arco Recurvo e Composto: Veterano, Senior e Xuvenil (Round 1440 con eliminatorias) e Campionato Galego Aire Libre Arco Recurvo e Composto: Cadete, Infantil, Alevín, Benxamín e Esquío (Round 1440, FITA, RFETA con eliminatorias segundo corresponda) **1.500,00 €** (2 campionatos).



## NORMATIVA Nº 5

### SUBVENCIONS DA FGTA A DEPORTISTAS PARA A ASISTENCIA A CAMPIONATOS. APORTACIÓNS AOS CLUBS / DIETAS E QUILOMETRAXE

Trofeo Federación Galega-Xunta de Galicia Sala Veterano, Senior, Xuvenil e Cadete; Infantil, Alevín, Benxamín e Esquíu (RFETA) e Arco Tradicional e Espido **2.275,00 €** (3 Campionatos)

Trofeo Federación Galega-Xunta de Galicia Aire Libre Veterano, Senior, Xuvenil e Cadete (2\*70); Infantil, Alevín, Benxamín e Esquíu (RFETA) e Arco Tradicional e Espido **2.275,00 €** (3 Campionatos)

#### 12.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES:

Desprazamento  
Dieta manutención  
Aloxamento  
Peaxes de autopistas  
Aparcadoiros

#### 13.- DIETAS E QUILOMETRAXE

	España	Estranxeiro
En vehículo particular	0,19 € / km	-----
Dieta completa (xantar e cea)	26,00 € *	48,00 €*
Media dieta (xantar ou cea)	13,00 € *	-----
Aloxamento	45,00 €/día*	-----
Réxime completo (aloxamento+manutención do día)	71,00 €/día *	91,00 €*

\* Importes máximos

NOTA: No caso dos xuíces que interveñan nunha competición que dure unha fracción de día aboaráselles media dieta. No caso de que a actuación dun xuíz se estenda máis tarde das 21,30 h. aboaráselle a dieta de aloxamento, sempre e cando a distancia á súa residencia sexa superior a 75 km.